# A EXPOSICIÓN DE ADROVI COS CARTEIS ESCOLARES SOBRE DOAZÓN E TRANSPLANTES CHEGA AO HOSPITAL CLÍNICO DE SANTIAGO

O Hospital Clínico Universitario de Santiago acolle durante esta semana a exposición dos gañadores do VIII concurso escolar de carteis sobre a Doazón e Transplante, convocado anualmente pola Axencia de Doazón de Órganos e Sangue. Realizada pola asociación de doantes transplantados ADROVI, esta mostra está a percorrer diferentes hospitais galegos.

Xunto á mesa informativa atendida hoxe por membros da *Asociación de doantes e receptores de Vigo*, tivo lugar esta maña un acto de inauguración. Asistiron ao encontro, Angel Facio, xerente da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, Celso García, presidente de ADROVI, Marisa López, directora da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue, a coordinadora de transplantes da área sanitaria compostelá, Carmen Rivero, así como o xefe do Servizo de Cirurxía Xeral e Dixestiva, Fabio Ausania e o de Inmunoloxía, José Gómez Rial e representantes dos servizos de Uroloxía, Serafín Novás e de Nefroloxía, Rafael Alonso.